



**O GOBERNO DE NIGRÁN LEVA A PLENO A CONCESIÓN DE AXUDAS
PARA A COMPRA DE LIBROS DE TEXTO NO PRÓXIMO CURSO**

Cada alumno, que deberá estar empadronado en Nigrán e matriculado nun centro público do municipio, poderá percibir ata 65 euros que se empregarán en librarías do municipio

Na valoración final de ingresos familiares é posible descontar ata 300 euros/mes en concepto de alugueiro ou hipoteca

**"Este goberno incrementou nun 100% a partida orzamentaria destinada a este fin co obxectivo de chegar a máis veciños a apoiar o ensino público",
indica o alcalde**

Nigrán 25/05/13.- O goberno de Nigrán levará ao pleno do próximo martes 31 de maio a concesión de axudas para a compra de libros de texto no próximo curso co dobre obxectivo de axudar a familias con dificultades e apoiar o ensino público. Coma en anos anteriores, os beneficiarios poderán ser unidades familiares empadronadas no municipio e con fillos matriculados en centros públicos de Nigrán que cursen Educación Infantil no 2016-2017. A contía máxima de axuda é de 65 euros por cada neno e farase efectiva mediante a presentación dun vale nas librarías do municipio que se adhiran a este programa (tamén se contempla que a compra sexa a través dos centros escolares).

"Este goberno incrementou nun 100% a partida orzamentaria destinada a este fin co obxectivo de chegar a máis veciños a apoiar o ensino público", indica Juan González, quen asumiu a alcaldía o ano pasado aumentando de 2.535 euros a 5.000 euros a cantidade destinada a este fin, cifra que se mantén.



Para poder optar á axuda é imprescindible que os ingresos das familias se adapten ao baremo estipulado (vai dende ingresos medios de 1.171,52 euros/mes en familias de 2 membros a 4.197,76 con 9 membros). Coma o ano anterior, poderá descontarse ata 300 euros mensuais en concepto de alugueiro ou hipoteca.

As solicitudes poderán facerse entre o 4 e 22 de xullo a través do rexistro do Concello, encargándose os servizos sociais municipais de toda a tramitación.